

PLAN DE IGUALDADE

IES CORUXO

CURSO 2022-2023

Índice

1. Introducción
2. Contextualización normativa e do centro
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia
4. Obxectivos coeducativos
5. Medidas concretas de actuación
6. Seguimento e avaliación

1. Introducción

A lexislación comunitaria en materia de igualdade de xénero constitúe a base fundamental da política de igualdade de oportunidades en Europa.

Na mesma liña, a Constitución española promulga que somos iguais ante a lei, e aínda que desde hai anos a normativa vixente ampara a igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación por razón de orientación afectivo-sexual e identidade de xénero, esta non se reflicte en todos os ámbitos sociais, e, polo tanto, tampouco na escola.

Aplicar o Plan de Igualdade nun centro educativo é unha tarefa complexa que abrangue moitos ámbitos e aspectos distintos. Pero o obxectivo fundamental que debemos marcarnos é mover ao conxunto da comunidade educativa a reflexionar sobre os prexuízos nos que todos e todas fomos educados e que nos seguen transmitindo toda a nosa sociedade, a familia, os medios de comunicación, etc.

Estes prexuízos sexistas e LGBTIfóbicos (rexeitamento que sofre o conxunto do colectivo de persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais) constitúen a base de conductas discriminatorias que poden culminar en situacións de violencia de xénero, acoso escolar homofóbico e delitos de odio.

Polo tanto é fundamental deseñar actividades que consigan que tanto o profesorado como o alumnado se expoñan a devanditos prexuízos, adquiren un maior coñecemento e concienciación sobre a igualdade de xénero e respecten a diversidade afectivo-sexual, a diversidade familiar e as diversas identidades de xénero, que modifiquen as súas condutas, e así fomentar a participación, e o exercicio da cidadanía como instrumentos imprescindibles para o libre e digno desenvolvemento humano.

Entendemos a igualdade como unha relación de equivalencia, no sentido de que todas as persoas teñen o mesmo valor, e, precisamente por iso, son iguais. A defensa da igualdade de dereitos entre homes e mulleres parte do principio de que as mulleres, como cidadás, deben ser libres coma os homes á hora de decidir e exercer papeis sociais e políticos.

Considérase, por tanto, que o ofrecer igualdade na educación dos dous sexos é condición necesaria para que as potencialidades individuais de mulleres e homes poidan estimularse e desenvolverse. Pero non é igualitario, nin por tanto xusto, tratar do mesmo modo a quen son diferentes, nin obviar as diferenzas aplicando modelos preestablecidos.

A igualdade garante o respecto ós dereitos fundamentais de todos e todas e contribúe a unha sociedade máis xusta, tendo o sistema educativo un papel moi importante no asentamento deste principio desde os primeiros niveis de escolarización.

Este plan de igualdade ten como fin que o xustifica a creación dun centro coeducativo, libre de discriminación e respectuoso con todas as diversidades, no que todos e todas as estudantes teñan o mesmo dereito a unha educación de calidade nun ambiente escolar, no que non se reproduzan estereotipos sexistas na invisibilidade das mulleres e do colectivo LGBTI, non exista a presunción de heterosexualidade na comunidade educativa, non se discrimine por razóns de identidade de xénero ou orientación afectivo-sexual, xustificadas nos estereotipos sexistas e homofóbicos.

2. Contextualización normativa e do centro

a) ÁMBITO EUROPEO

Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Artigo 8. No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes, despois de 2015, considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

b) ÁMBITO ESTATAL

Constitución (artigo 9.2 e 14):

Artigo 9.2: “corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e

efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social”

Artigo 14: “os españois son iguais ante la lei, sin que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia personal ou social.

-Real Decreto 1686/2000 do 6 de outubro: Creación do Observatorio de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

-Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

-Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.

-Lei orgánica 3/2007 22 marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Título IV: O dereito ao traballo en igualdade de oportunidades. Artigo 23: A educación para a igualdade de mulleres e homes. Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.

c) ÁMBITO AUTONÓMICO

-Estatuto De Autonomía De Galicia (1981). Artigo 4.1: “...poderes públicos, desenvolverán accións encamiñadas a promover as condicións de igualdade, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude”.

-Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.

-Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

-Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014)

-Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa

-Decreto lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres

-Decreto 86/2015 do 25 de xuño: Currículo educación secundaria e bacharelato

-Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (Abril 2016)

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia

No IES Coruxo existe alumnado moi diverso, neste curso académico hai matriculados 352 alumnos,-as en ESO e 100 en bacharelato. Existe alumnado heterosexual, homosexual e alumnado transexual, os ámbitos familiares tamén son diferentes, hai familias monoparentais, familias nucleares clásicas, familias reconstituídas, familias multiétnicas, familias adoptivas, familias multirraciais...; todos son tratados e educados en igualdade tanto pola comunidade educativa como polos seus compañeiros. Para conseguir isto desde o primeiro claustro de curso se comunica a todo o profesorado as características do alumnado, facendo especial atención no tema de igualdade de xénero e non permitir actuacións discriminatorias por orientación sexual ou afectiva.

Para todo o claustro e comunidade educativa deste centro é moi importante a visibilidade de diferentes orientacións sexuais, a igualdade de oportunidades, a inclusión e unha coeducación que garante os valores democráticos de igualdade, liberdade e xustiza para garantir a defensa dos dereitos humanos.

No Plan de convivencia de centro, no Proxecto educativo de centro figuran obxectivos coeducativos concretos para fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e para previr a violencia de xénero e a LGTBIfobia.

Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o propio centro coa colaboración das familias, dándolle normalidade e non cair na discriminación por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.

Con todo isto, neste instituto, téntase crear un espazo de respecto e confianza para atención do alumnado LGTBI do centro, rexeitando todo tipo de acoso sexista ou violencia.

Todo o profesorado establece unas pautas de actuación comúns que supoñan un apoio á igualdade de xénero e a promover un centro coeducativo e respetuoso coa diversidade afectivo sexual, de xénero e familiar.

4. Obxectivos coeducativos

- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual e coa identidade de xénero.

-Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, non participar en situacións de acoso, dar apoio e defensa as persoas violentadas e comunicar a calquera membro do persoal docente, ao seu titor ou titora, ao Departamento de Orientación ou ao Equipo directivo de situacións de violencia verbal ou física, agresión sexual, acoso escolar homofóbico ou accións de odio.

-Propiciar a reflexión sobre as situacións estereotipadas e discriminatorias que son manifestas nos medios de comunicación, especialmente na televisión e nas publicacións escritas orientadas cara ás mozas e ós mozos.

- Descubrir nas experiencias diarias, escolares, extraescolares e en todo o ámbito da vida social e cultural, presente e pasada, a igualdade de posibilidades dos homes e mulleres.

- Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades grupais, situacións de comunicación e na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo ou xénero.

- Colaborar na construción e no desenvolvemento dunha sociedade e dunhas relacións interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa.

- Adoptar medidas para eliminar o uso sexista e heterosexista da linguaxe e promover unha imaxe pública e privada de mulleres e homes baseada na igualdade e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.

- Fomentar a corresponsabilidade coa repartición equilibrada de cargos e tarefas.

- Implicar aos pais e nais nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade afectivo- sexual e familiar.

- Sensibilizar ao profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.

- Desenvolver e traballar un novo modelo de masculinidade co alumnado.

-Concienciar á comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista nin heterosexista que presupoña a heterossexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva.

- Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no centro educativo, como son familias homoparentais, familias monoparentais, adoptivas, multiétnicas, multirraciais, transnacionais ou calquera outra das moitas formas de familia que están presentes na sociedade actual.

- Introducir de maneira expresa a educación na diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e a loita contra o sexismo e a homofobia nos documentos oficiais de centro, empezando polo Proxecto Educativo, o Plan de Convivencia, o Regulamento de Réxime Interno e o Plan de Acción Titorial.

- Establecer os mecanismos para que todo o persoal do centro trate ao alumnado «trans-» conforme ao nome e ao xénero elixidos, sen cuestionar ou negar a súa identidade nin en público nin en privado. Non é responsabilidade do alumnado ter que comunicalo a cada un dos seus docentes ou ao persoal non docente, senón que é o centro o que debe asumir esta tarefa.

- Asegurar que o alumnado «trans-» poida facer uso das instalacións do centro, incluídos vestiarios e baños, conforme ao xénero elixido.

5. Medidas concretas de actuación

- Establecer medidas de igualdade e de atención a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar nos documentos de organización do centro: Proxecto Educativo do Centro, Normas de Organización e Funcionamento, Plan de Convivencia e Plan de Acción Titorial.

- Intentar lograr a paridade nos órganos de dirección do centro e nas xefaturas dos departamentos didácticos. Nas aulas o número de alumnos e alumnas debe ser o máis equilibrado posible.

- Posuír un taboleiro que recolla información de interese sobre a igualdade de xénero e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar

- Elaborar un protocolo de intervención en caso de acoso escolar por homofobia e transfobia entre o alumnado, baseándose nos protocolos da Consellería de Educación e as súas normas de convivencia.

- Propor en todas as aulas unha Asemblea de Convivencia na que se debata e reflexione sobre o cumprimento das normas de convivencia, as relacións entre o alumnado da clase e calquera problemática que poida xurdir tanto na clase coma no centro. O titor/a será o encargado/a de levar esta actividade adiante.

-Adaptar os documentos do centro (impresos de matrícula, fichas de titoría, circulares informativas, permisos de saídas extraescolares, etc.) que debe cubrir cada estudante ou familia para evitar a presunción de heterosexualidade das familias.

-Revisión da linguaxe utilizada na aula e a dos libros de texto, eliminando o sexismo e a LGBTIfobia.

- Promover a libre elección dos estudos sen que exista ningún condicionante de sexo ou xénero ao hora elixir as ensinanzas, libre de esteriotipos, prestando atención á incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional. sobre todo as de carácter profesional, que son as máis sesgadas polo sexo ou xénero.

- Incrementar a biblioteca do centro con títulos, filmes e outro material coeducativo e relativo á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.

- Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa igualdade de xénero e contra a violencia sexista.

Actividades concretas

- En torno ó 17 de outubro para celebrar o día das escritoras, no patio central do instituto houbo unha exposición de mulleres escritoras e algún dos seus libros para visualizar e comentar toda a comunidade.

- No primeiro trimestre de curso alumnado de Bacharelato participa en talleres educativos no Auditorio municipal de Vigo coa temática “Comisión de convivencia e promoción de igualdade. Mozos e mozas cambiando esteriotipos”

- Con motivo do día de violencia de xénero, o 25 de novembro, organízanse no centro charlas, coloquios e conferencias para todo o alumnado. Tamén asisten varios cursos da ESO a actos organizados polo concello de Vigo e outros organismos que tratan sobre a temática de igualdade, violencia de xénero, actitudes machistas,..

- En torno ao 8 de marzo, día da muller traballadora, todos os cursos guiados polos seus titores realizan exposicións e traballos para visualizar os dereitos das mulleres ante toda a comunidade educativa e coa participación das familias para darlle unha maior difusión.

Tamén algúns cursos da ESO fan saídas a diferentes actividades organizadas polo concello de Vigo e outras organizacións locais.

- Ao longo de todo o curso académico os departamentos didácticos organizan exposicións para visualizar o traballo da muller en distintos campos da sabiduría, como poden ser a exposición de mulleres científicas, mulleres matemáticas, mulleres inventoras....

- Celebración e actividades en torno ao 17 de maio, día internacional contra a homofobia, a transfobia e bifobia.

- Este centro educativo participa nos contratos programa organizados pola Consellería de educación. O programa IGUÁLA-T desenvolve accións para fomentar a coeducación, promoción de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e tratamento da LGBTIfobia e outras medidas semellantes.

Tamén participa no contrato programa INCLÚE-T, que desenvolve medidas para fomentar e mellorar a inclusión educativa de todo o alumnado, levando a cabo a realización de dinámicas de traballo cooperativo, fomentando recreos igualitarios e inclusivos e creando espazos comúns de actuación para todos os alumnos e alumnas.

6. Seguimento e avaliación

- A avaliación e seguimento deste plan terán carácter continuo, ao longo de todo o curso académico. Tentando en todo momento melloralo e axeitalo ás necesidades concretas que xurdan en asuntos de igualdade, violencia de xénero, discriminación por razóns de sexo ou casos de LGBTifobia.

- A convivencia diaria dentro do centro e a necesidade de resolución de conflitos permiten poñer en funcionamento as bases deste plan e avaliar a súa efectividade; podendo en todo momento cambiar ou modificar algún punto.

- É necesario avaliar a participación de toda a comunidade educativa e a comunicación coas familias do alumnado.

- É conveniente examinar si os obxectivos coeducativos se cumpren, se as actividades empregadas resultan exitosas e se o claustro participa e se implica en materia de igualdade.

-Os instrumentos para a avaliación serán a observación do traballo feito, a comunicación entre todos os docentes e alumnos, facéndose visibles todas as actuacións en materia de igualdade; existindo unha relación interdisciplinar e de cooperación entre os diferentes departamentos didácticos.

- Pódense realizar enquisas entre o profesorado e alumnado onde se recollan propostas e líneas de actuación. Tamén se poden cubrir cuestionarios finais de cada actividade realizada en tema de igualdade para valorar o grao de aceptación e satisfacción da mesma.